

SOLIDARIEDADE
CON MARIE MASON E ERIC MCDAVID
- ECOANARQUISTAS PRESXS NOS EE.UU -

INTRODUCCIÓN

***“Somos a ardente raíba dun planeta que morre”
- Fronte de Liberación da Terra.***

Eric Mc David e Marie Mason son compañeirxs anarquistas estadounidenses envoltxs durante longo tempo en loitas pola defensa do Territorio e contra a devastación da Natureza.

Tanto Eric como Marie experimentaron ata que límites pode chegar a miserable represión á hora de cumprir os seus obxectivos de silenciar e/ou encarcerar a calquera que poña en cuestión a orde vixente. Espionaxe, infiltración, manipulación das emocións...

Pechadxs dende fai anos e con longas condenas aínda por diante, este panfleto e o evento no que se enmarca a súa distribución pretenden ser contribucións solidarias na distancia á solidariedade internacional que existe con estxs dous compas, e tamén unha aperta, un agarimo, unha homenaxe ó seu espírito combativo e resistente, e ó de todxs aquelxs que loitan pola defensa da Terra e pola destrución deste monstruoso mundo, convertido en cemiterio de soños.

Espalla este panfleto, monta as túas propias actividades de información, e organicémonos para resistir pero tamén para conspirar.

Prendamos a faísca do ecoloxismo revolucionario!

MARIE MASON

Marie Mason é unha anarquista de 58 anos, vegana, amante dos animais e da natureza e membro do sindicato libertario IWW (Industrial Workers of the World), envolta dende fai anos na loita contra os diferentes xeitos nos que a vida salvaxe é ameazada nos EE.UU.

Mason e o que por entón era o seu marido, Frank Ambrose, prenderon lume a unha oficina da Universidade Estatal de Michigan que almacenaba información de investigacións en transxénicos, causando a perda dunha gran cantidade de documentación (que en 2009, 10 anos despois do incendio, todavía seguía sen recuperarse completamente, según os propios investigadores) e uns danos valorados en máis dun millón de dólares. Ademais, ambos participaron tamén nun ataque incendiario contra maquinaria de explotación forestal. Ambas accións foron reivindicadas coma Fronte de Liberación da Terra (FLT), estrutura informal de funcionamento similar ó do FLA (Frente de Liberación Animal) e baseado en células autónomas (non necesariamente conectadas entre si) que, recoñecendo nuns principios e mínimos comúns, levan a cabo accións de sabotaxe económico sen causar danos a persoas nin animais, e reivindicanse baixo unhas mesmas siglas. A causa disto, no 2007 Ambrose é detido e a cambio de beneficios persoais accede a traballar coma informador para o FBI, percorrendo todo o país e asistindo a congresos organizados por Earth First! (A Terra Primeiro!) e outros colectivos vencellados ó ecoloxismo radical, onde participaba activamente coa fin de recoller información que poder compartir logo cos seus socios do goberno. Gracias ós datos que Ambrose aportou, Marie é arrestada no 2008. Cómpre sinalar que Marie e Frank Ambrose teñen fillos. Traizoando a Marie non só traizoou a loita da que ambos formaron parte, senón tamén á súa familia e ós sentimentos que Marie tiña. No xuízo, tras sentenciar a Marie, o fiscal felicitou ó chivato Ambrose calificando a súa

conducta de “impresionante”.

Acorralada e ameazada con cadea perpetua, no 2009 Marie reconece a súa responsabilidade nos dous actos antes mencionados, e é condenada finalmente a case 22 anos de cadea, convertíndose a súa sentenza na maior de todas as enmarcadas no chamado *Green Scare**.

No xuízo, Marie respostou ó feito de que lle aplicasen agravantes por terrorismo coa seguinte declaración: *“Síntoo moito polas persoas que puideran sentir medo polas miñas accións. Pretendía transmitir pensamentos compasivos, non terror”*. Por suposto, non serviu de nada.

Marie pasou a unha prisión de media seguridade pero despois dun ano foi trasladada a unha unidade de vivenda de administración especial do Centro Médico Federal de Carswell (Texas), un cárcere-psiquiátrico para mulleres con condicións especialmente inhumanas e restrictivas.

Marie atópase nunha vivenda de 20,12x30,48 metros con capacidade para ata 20 presas. Dentro de esa mesma unidade, existe unha separación, destinada ás persoas presas consideradas coma as máis perigosas. A compañeira vive rodeada de persoas con serios problemas mentais, que se agravan coa indiferencia dos gardas e a complicidade do persoal médico, dando lugar a conductas autolesivas, suicidios, violencia etc. Compañeirxs próximos a Marie

* *Green Scare* (Medo Verde) é o nome que dan os propios activistas a unha campaña do FBI polo que varias persoas participantes de loitas pola liberación animal e/ou da Terra foron perseguidas, e imputadas, nalgúns casos mediante montaxes, por actos de sabotaxe económico e destrución da propiedade, e etiquetadx oficialmente coma Terroristas, pese a que nos seus ataques nunca se produciron feridxs nin mortxs. O nome derivase do *Red Scare*, nome dado a unha serie de campañas represivas contra os comunistas durante os anos '40 e '50.

describen a estancia neste lugar coma tortura psicolóxica, onde polas noites as presas berran desquiciadas e non existe descanso.

Ademais, os espazos para o desenvolvemento persoal están moi limitados. Marie non ten acceso a traballo nin clases educativas ou talleres, e só pode realizar exercicio nun reducido patio de hormigón rodeado de vallas metálicas, onde únicamente hai unha bicicleta estática, pero sen espazo para correr nin para a maioría de actividades físicas.

Estas e outras irregularidades son negadas constantemente pola administración, a cal, por outro lado, tampouco proporciona a Marie instrucións do que ten que facer para salir desta unidade e ser trasladada a outra. Sen o apoio do exterior, Marie seguirá condenada a este ambiente estéril, sen espazo algún para o crecemento individual, onde está toleando e morrendo pouco a pouco.

Hai en marcha unha campaña de solidariedade para presionar ás institucións a tomar cartas no asunto e sacar a Marie de ahí.

Para axudar, podes:

- Escribir (en inglés) ó director para expresar a túa complicidade con Marie e denunciar a situación que sofre. En <http://freemarie.org> podes atopar modelos de carta (así como máis informacion do caso). A dirección é:

Charles E. Samuels Jr., Federal Bureau of Prisons, 320 First St., NW, Washington, DC 20534.

- Entrar en <http://freemarie.org> ou en <http://supportmariemason.org/> e informarte do seu caso, difundir a información etc.

- Contribuir cos gastos derivados do confinamento de Marie (nos enlaces anteriores podes atopar como).

Axudar a Marie non implica necesariamente comulgar cos seus métodos (aínda que eu considero que son totalmente válidos), senon opoñerse á política intimidatoria e á represión sistemática do goberno e do capital contra calquera voz activista que se levante por enriba do nivel de volumen permitido e actúe contra o delirio asasino da mercadería.



ERIC MCDAVID

Eric McDavid é outro compa que sufriu a represión do chamado *Green Scare*, e do mesmo xeito que Marie, foi enganado e traizoado por informantes do FBI que se fixeron pasar por compañeirxs a cambio de beneficios (neste caso por cartos) para así grabar conversas ou recopilar datos que puideran ser usados posteriormente para montaxes ou para lograr sentencias máis duras contra compañeirxs.

O caso de Eric comeza cando unha rapaza chamada Anna (ou supostamente chamada Anna, quen sabe?), á que Eric coñecera no contexto de diferentes actividades relacionadas coa loita pola defensa medioambiental, convida a Eric e a outrxs dous compas mais a ir a unha cabaña que Anna alugara nun bosque do norte de California, coa fin de pasar unha semana agradable e de paso aproveitar para planear e levar a cabo unha acción de sabotaxe contra *Nimbus Dam*, un embalse cercano. Anna correu con todos os gastos. Comida (dicía que lle daba noxo comer a comida reciclada do lixo), un coche, os gastos do aluguer da cabaña, etc. A pesar das actividades que propoñían xs demáis, a rapaza amosara moito interese en levar a cabo esta acción, e durante toda a semana estivo presionando xs outrxs tres compañeirxs para que deixasen as súas excursións polo bosque e se centraran en preparar a sabotaxe. Isto levou a varias discusións entre elxs, ata que unha noite Anna alporizouse e abandonou a cabaña dicindo que ía dar un paseo. Sen embargo, Anna foi en realidade na procura dos axentes do FBI que permanecían nas proximidades.

Ó día seguinte, axentes do FBI irrumpen na cabaña e arrestan a todxs xs compañeirxs. A pesar de que nunca se levou a cabo ningunha acción (pese á insistencia da chivata, que buscaba que xs compas voasen o embalse para así poder garantir o seu arresto e sentencia), Eric é acusado dun delito de “*Conspiración para causar danos y destruir propiedades con fuego y explosivos*”, unha potente

ferramenta que camufla a motivación puramente política e ideolóxica da represión e permite lograr duras sentencias por simplemente ter “conspirado para facer” ou “planeado” unha acción de sabotaxe, sen que fose necesario que esa acción tivese lugar. Grazas ás conversas e material recopilado pola informante Anna, foi sinxelo acadar unha condena por este “crimen”, e tras pasar dous anos en prisión preventiva (en estricto aillamento, sen apenas ter contacto con outrxs presxs nin co mundo exterior, e con só dúas horas semanais para saír da súa celda), Eric foi condenado a 19 anos e 7 meses de cárcere. Pola súa parte, Anna recibiu 65.000 \$ polos seus servizos coma informante durante máis de ano e medio.

Cómpre sinalar que Eric, durante a súa estancia en prisión preventiva antes do xuízo, levou a cabo dúas folgas de fame distintas para esixir que se lle proporcionase comida vegana, a cal lle era negada ó principio coma un xeito máis para tentar quebrar a súa vontade. Eric negouse a colaborar co Estado e a proporcionar calquer información levando o seu caso a un xuízo cheo de irregularidades, incluso despois de ser traizoado tamén polxs outrxs dous acusadx, que testificaron na súa contra e colaboraron coas autoridades (polo que, a día de hoxe, só Eric merece a nosa solidariedade e o noso afecto, sendo o único dxs detidxs que, rodeado de chivatxs, mantivo a cabeza alta e os principios intactos incluso nas peores circunstancias).


O recurso de Eric foi rexeitado no 2010, e o Tribunal Supremo négase a escoitar os seus argumentos sobre o seu caso. Eric atópase agora cumprindo unha condena de case 20 anos por un crimen que nunca se produciu, só por pensar que é válido causar danos económicos ás industrias que destrúen a vida salvaxe neste planeta.

Para nós, o verdadeiro crime está en romper as fermosas paisaxes, escravizar, trastornar e condenar a morte a millóns de animais, poñer en perigo a biodiversidade, arrasar os bosques, esnaquizar o chan, contaminar os ríos e o aire que respiramos, e enchelo todo con este

gris decorado que nos desilusiona e enferma...

Para apoiar a Eric, podes:

- Donar cartos para colaborar cos gastos derivados do seu encerro.
- Entrar en supporteric.org/, informarte e espallar a información respecto do seu caso.
- Escribirlle en inglés unha carta (os enderezos de Marie e Eric inclúense ó final deste panfleto; mantente actualizadx nas páxinas de apoio por se o trasladan).



ENTREVISTA A ERIC MCDAVID POLO EX-PRESO JEFFREY "FREE" LUERS

A continuación preséntase unha entrevista realizada a Eric McDavid polo ex-preso Jeffrey "Free" Luers, quen tamén estivo no talego por un caso relacionado coa súa actividade en defensa da Terra e os animais, no contexto da campaña "Green Scare", pero que dende 2009 atópase en liberdade.

Extraída e traducida ó galego de: lacizallaacrata.nuevaradio.org/?p=451

Eric, fuches acusado de conspiración para dañar ou destruír propiedade pública ou privada mediante un incendio. Como aconteceu?, que foi o que levou a todo aquilo?

O que me levou a ser acusado de conspiración para dañar e/ou destruír propiedade gubernamental e comercio interestatal é unha longa historia, pero a versión curta é que tras o instituto fixen algúns traballos (servindo mesas, de camareiro, carpintería...) En cada un deles miraba ós meus compañeiros máis maiores para ver como sería eu, posiblemente, en 10 ou 20 anos, e o que vin non me gustou, así que decidín volver a estudar para tratar de atopar outro camiño. Empezaba a prepararme para impartir clases de filosofía cando comecei a involucrarme no movemento anti-guerra das protestas contra a invasión no Irak. Tras a primeira marcha en San Francisco o 25 de outubro, non había volta atrás... O que sentín entre aquela masa de xente que enchía as rúas alimentou o meu corazón dunha maneira que non experimentaba dende que era un neno... Uníme a un par de grupos pacifistas e asistín a varios encontros sobre como afrontar a represión da policía, para poder axudar coa seguridade durante as manifestacións. Pronto me sentín desmotivado ó descubrir que a xente e os grupos que organizaban as manifestacións non só se xuntaban para "actuar para deter a guerra e rematar coas violacións de dereitos humanos", senón que era unha especie de vangarda política. Aquilo fixo que me desvencellase deles. Entón, empecei a

axudar en “Estudiantes pola paz” e nunha das xuntanzas, vin a un rapaz con pintas facendo un fanzine, colando anacos de papel, dobrando follas... Achegueime e pregunteille se podía ver un. Sen apenas levantar a cabeza, entregoume un e díxome que podía quedar con él. A portada era un rostro feminino, con rastas metálicas e estas palabras: “*Species Traitor*” (Traidor á especie), non recordo o número. O primeiro que pensei foi: “*Qué raro...*”, así que metino na miña bolsa para leelo máis tarde. Aquel fanzine foi a miña primeira introducción á crítica social que eu consideraba auténtica e tiña moito que ver con como me sentía eu naquel momento. Despois de aquilo, os umbrais empezaron a aparecer por todas partes e comezou a miña auténtica viaxe, lembrando quen era eu.

Fuches vítima dunha informadora a soldo do FBI. Como conseguiu “Anna” gañar a túa confianza?

Algúns/has poden pensar que esta é unha actitude inxenua, pero eu, de xeito natural e de todo corazón, confío en todo o mundo, eu son así. “Anna” nunca gañou a miña confianza, só a manipulou, movendo as cordas que ela teceu no meu corazón, como se eu fose unha marioneta sempre que me veía saíndo do camiño que ela escolleu.

Segundo o Estado, ti eres un terrorista. Como te fai sentir iso?, eres un terrorista?

Podería dicir que resulta embarazoso, case cómico... Teño que aturar que un montón de tíos traten de encasillarme nalgunha categoría, pero son bastante bó en saírme do redil de cada unha delas.

No movemento ecoloxista hai moita contención en canto ós chivatos e en canto a como afrontar o problema. En moitos casos voltaron ás comunidades de activistas e foron recibidos cos brazos abertos ou continuaron recibindo apoio. Cal é a túa opinión sobre xs chivatxs e como crees que a comunidade activista debería lidiar con elxs?

A miña opinión sobre xs chivatxs é que cada un/ha é únicx e debe

ser tratadx como tal... Para aquelxs que causan un alto grado de danos, creo que a severidade do trato que reciban por parte dxs seus amigxs e seres queridos debe ser recíproca... Algúns/has serán perdoadx por algunhas persoas, pero a opción que tomaron nunca debe ser esquecida por ninguén.

Tendo sido acusado de planear unha destrucción de propiedades, cal é a túa opinión sobre esa táctica?, de que xeito traballa este e outros movementos por conseguir un futuro mellor?

A miña opinión sobre a táctica de destrucción da propiedade é que todavía non atopei un argumento viable que a deslexitime... (lembrando que o Acta de Sedición de 1917 aínda debe ser revocada). Hipotéticamente falando, é posible que algunhas das persoas que escollen utilizar a gran variedade de tácticas que existen teñan que atopar unha que sirva para “bailar todos xuntos”... Por exemplo, se houbera unha acción realizada por xente anónima, aqueles que estivesen traballando nese mesmo tema de xeito legal, co público, poderían utilizar ese fluxo de enerxía para os seus propios fines así como aqueles das áreas circundantes... Deixemos que sexa un efecto onda e que os rapaces poidan surfear a ola antes de que a roca golpee o auga...

Como é a túa vida diaria?, poderías explicarnos un día normal en prisión?

Un día típico... ben. Levántome da cama ás 5 ou 5:30 para facer rotacións conxuntas e unha sesión de Ioga kundalini... Déixannos saír das celdas de 10 a 6, eu acostumo a ir á sala de novas leer o taboleiro (case sempre cunha taza de café), esperar o primer “movemento de recreación” ás 6:20... Fora estoume exercitando ata as 7:45, ás 8:00 fago unha hora de Ioga, logo de volta á celda a tomar algo de almorzo, e a leer/escribir/respostar a correspondencia/realizar proxectos ata que a nosa unidade é pechada... Como lixeiro os martes e os xoves debido ás clases de Ioga para principiantes que imparto polo serán. Normalmente adoito estar fora, no patio, ata as 15:00, cando nos volven a chamar. Volto ás duchas antes de ser de novo

encerradxs para o reconto das 16:00. Cando nos deixan saír ás veces leo ou xogo ó dominó ata que nos encerran. Os luns e os venres saio facer as probas de presión sanguínea e masa corporal, outros días vou á biblioteca para ter un pouco de espazo e tranquilidade... Tras iso, encérrannos ás 21:15 e eu caio rendido tan pronto coma a porta se cerra... o “día da marmota”, xa sabes, practicamente só as visitas e o correo cambia.

Que é o que mais botas de menos de estar en liberdade ou, como a min me gusta chamalo, de estar en “custodia mínima”?

O que mais boto de menos da “custodia mínima” é a DIVERSIDADE de todo. Estar coa miña parella, coas árbores, cos cans, cos nenos, os ríos, o océano, as estrelas... as putas estrelas... o lago... non fai falta dicir que podería seguir nomeando cousas un loooooongo rato.

Cal é o teu consello para a seguinte xeración de xente que quere involucrase en crear un cambio?

O meu consello sería que explorasen seriamente e que aprendan a saber quenes son, non quenes pensan que son, ou quenes a sociedade ou algunha contracultura lles dí que son, senon quenes son realmente... Aprende e explora de quen nutre o que sodes (xa sexan seres humanos ou non humanos) e escoitade ós vosos corazóns e a aqueles que vos nutran como persoas. Todo o demais virá só despois diso...

Claramente, non podes responder a isto sen parcialidade pero... Como é de importante o apoio xs presxs nesta loita e nas outras?

Si, vou ser totalmente parcial... Creo que o apoio xs presxs é unha das facetas principais do mosaico do que todxs formamos parte. Apoiando xs prisioneirxs de guerra, xs presxs políticxs que se amosaron contrarixs á cultura xeneralizada e compartindo o apoio, abrímonos a novas relacións que son integrais para alimentar o cambio.

Tes esperanzas de futuro? E se é así, que é o que te da máis esperanza?

Eu non o chamaría esperanza, pero teño a corazonada de que sempre haberá aqueles que escollan escoitar e seguir o que lles dictan os seus corazóns en lugar da programación da nosa vida diaria á que nos vemos sometidxs.

E finalmente, que precisas ou queres?, que faría que a túa estancia no cárcere fose máis levadeira?

Que preciso para facer que estar aquí sexa mais levadeiro?, aparte do obvio?... Non é algo fácil de contestar... A xente estivo continuamente axudándome coas miñas peticións de material de lectura, que aquí dentro axuda moito, e de vez en cando atopo un ingreso sorpresa entre os meus libros... Aínda que o que máis me preocupa é a carga monetaria á que fai fronte a miña parella polos gastos que conleva vir a visitarme... Ah! E sempre é agradable recibir fanzines e publicacións...



ENLACES E RECURSOS

A pesar de que algúns dos enlaces seguintes xa se proporcionaron nos artigos que contén o devandito fanzine, a continuación se aportan algúns recursos para quen desexe seguir informándose ou coñecer outros xeitos de botar unha man:

- Campaña de solidariedade cos presos e presas anarquistas de longa condena (11 de Xuño): june11.org

- Entre o 11 e 30 de xuño de 2014 haberá unha subasta de material para recaudar fondos para a solidariedade con Marie e Eric. Máis información en neveraloneart.org e earthfirstjournal.org/june11

- Páxina de apoio a Eric: supporteric.org

- Páxinas de apoio a Marie: supportmariemason.org e freemarie.org

- Outras páxinas onde atopar información de presxs anarquistas e/ou de accións en defensa da liberación animal e da Terra:

* nodo50.org/cna

* vozcomoarma.noblogs.org

* es.contrainfo.espiv.net

* directaction.info

* abordaxerevista.blogspot.com

- Xornal onde participaba Marie Mason: fifthestate.org

Que ningún/ha compañeirx se sinta só/soa tras os muros!!

A solidariedade anarquista é máis que palabra escrita!

ENDEREZOS

Para escribir a Eric Mc David e Marie Mason, os enderezos son os seguintes. Ten en conta que é posible que non podan responder, xa que teñen limitacións no número de persoas coas que poden manter correspondencia e, como comprenderás, posiblemente teñan prioridades cos grupos solidarios e con familiares e amigxs achegadxs. Ti non desistas, nin penses que non vale a pena ou que non leen o que lles escribes, e por se acaso engade unha dirección túa de contacto, para que, chegado o caso, saiban onde atoparte:

Marie Mason

Marie Mason #04672-061
FMC Carswell
Federal Medical Center
P.O. Box 27137
Fort Worth, TX 76127

Eric McDavid

Eric McDavid 16209-097
FCI Terminal Island
Federal Correctional Institution
PO Box 3007
San Pedro, CA 90731